



## INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2023-2024

O **CRA de Valdoviño** consta de tres escolas: a **escola de Taraza** (Meirás) a **escola de Lago** (Lago) e a **escola de Vilarrube** (Vilarrube); contamos con 3 unidades multinivel con nenos e nenas de 3 a 8 anos. O noso **horario é de 9:30 a 14:30**, ofrecendo o **concilia mañá en horario de 8:00 a 9:30** na escola de Lago e de Taraza (mínimo 4 usuarios). O noso **centro adscrito** é o CPI de Atios, isto quere dicir que compartimos a orientadora e que o rematar segundo de primaria, os nenos e as nenas teñen prioridade para escoller ese centro e continuar en terceiro de primaria.

Segundo a **Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o procedemento para a **admisión de alumnado** en centros públicos, o prazo para realizar a reserva de praza será do **1 de marzo ao 20 de marzo**, presentando o **anexo ED550B (anexo II)** (formulario) e **anexo IIbis** (autorización a comprobación de datos) da citada orde. Este proceso tamén pode realizarse a través da sede electrónica no seguinte enlace <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED550B>. Poderase pedir ata 6 centros por orde de preferencia, sendo no primeiro escollido onde se entregue a solicitude.

O CRA de Valdoviño consta de **60 prazas en total, 20 por cada escola**. O alumnado que xa está matriculado no CRA continuará de forma automática a súa escolarización neste centro, tendo que avisar de non ser o caso. As **vacantes libres serán publicadas no centro durante o período de admisión**. No caso de que a **demanda de prazas escolares sexa superior a oferta**, o centro abrirá un prazo de **10 días hábiles**, contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión, para **achegar a documentación xustificativa dos criterios de baremo** (reflexados tanto na orde coma no anexo II).

No caso de que a **demanda nunha escola sexa superior a oferta**, procederase a crear unha **comisión de escolarización**, a cal baremará aos solicitantes polos mesmos criterios da devandita orde. O **alumnado que non sexa admitido na escola solicitada será derivado a escola máis próxima**, é por iso que é importante escribir a orde de prioridades das escolas no anexo II.

